

## BANDO INFORMATIVO

### Estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA**, alcalde do Concello de Oroso

**INFORMA:**

Da apertura do prazo para as estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. Resolución do 06 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regula e se convoca para o ano 2020 o Programa de axudas para a concesión das estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. (DOG nº 37 do 24/02/2020) SI447A

**CONTIDO:** Facilitarlles ás mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero, que teñan fillas ou fillos menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer, reforzando o seu vínculo materno-filial nun ambiente de seguridade, respecto e bo trato como modelo de convivencia. Convócanse ata un máximo de 90 prazas, cunha duración de entre 7 e 9 días, en réxime de pensión completa, e desenvolveranse preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de setembro.

**PERSOAS BENEFICIARIAS:**

- Ter fillas ou fillos menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo e con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos.
- Non convivir con parella afectiva.
- Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.
- Que os ingresos brutos mensuais da solicitante non superen o límite do importe de 1,5 veces o IPREM vixente.
- Non padecer ela, nin as fillas/os menores e/ou menores en acollida que a acompañen, unha enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

Para asistir ao programa, as mulleres beneficiarias irán acompañadas das súas fillas/os menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo e con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, ambos inclusive, na data de presentación da solicitude.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** O prazo de presentación de solicitudes será estar aberto ata o día 24 de marzo de 2020.

**LUGAR DE INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950 con cita previa  
Oroso, 3 de marzo de 2020

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

